



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA TRES DE FEBREIRO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Escusa asistencia D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día tres de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta das sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201500000000536 de don Carlos García Cutrín e dona Adriana Estévez Barros. (Expediente núm. 2015/U007/000004)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Fins de Sales, expoñen que con data 12 de xullo de 2011 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en Nande nº 71 –San Fins de Sales, (licenza número 2011/008/000011), e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicitan a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, xa ingresada nas arcas municipais.

2.2.- Instancia de don José Manuel Uzal Castro (Expte. núm. 2016/U018/000003)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para proceder á agrupación e parcelación das parcelas núm. 318 e 319 do plano de concentración parcelaria de Trobe, con referencias catastrais 15090A505003180000AG e 001701400NH43E0001OX situadas en Bazar – Trobe, en solo cualificado no PXOM en parte como solo de expansión de núcleo rural N-2), de



acordo co proxecto técnico presentado asinado por don Francisco Javier Ballet García en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial e de data 14 de xaneiro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle licenza para agrupación e parcelación das fincas descritas no proxecto mencionado, emprazadas no lugar de Bazar –Trobe, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

Así mesmo o terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

2.3.- Instancia de dona María Luz Enjamio de la Torre. (Expte. núm. 2015/U018/000011)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para proceder á parcelación da finca núm. 194 do plano de concentración parcelaria de Sales –Illobre, con referencia catastral 15090B502001940000TH, situada en Viño grande, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado asinado por don Eugenio Torreira Pais en calidade de Arquitecto e de data novembro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Viño grande –San Andrés de Illobre, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

Así mesmo o terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

2.4.- Comunicación previa de obra de dona María Josefa Hermitas Martínez Vilasante. (Expediente 2016/U026/000002)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000002 de comunicación previa de obra promovido por dona María Josefa Hermitas Martínez Vilasante para rehabilitación de alboio, de aproximadamente 98 m², consistente en repoñer a tella existente (retellar), mantendo a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns; a tella a empregar será cerámica.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001100500NH43D, emprazada en Corbeixe, 2 –San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e tres euros con corenta e seis céntimos (#73,46#).



2.5.- Comunicación Previa de Obra de dona Raquel Fernández Castiñeiras. (Expediente 2016/U026/000003)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000003 de comunicación previa de obra promovido por dona Raquel Fernández Castiñeiras para rehabilitación de edificación consistente en substitución de uralitas rotas, colocación de tella nova e apertura de porta.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000101900NH43C, emprazada en Vilarpiñeiro nº 4 –San Andrés de Trobe, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Comunicación previa de obra de dona Alicia López Diz. (Expediente 2016/U026/000004)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000004 de comunicación previa de obra promovido por dona Alicia López Diz para rehabilitar muro de pedra existente que se derrubou parcialmente.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001102500NH43G, emprazada en Piñeiro, 3 –San Andrés de Illobre, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura existente.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.7.- Instancia núm. 201600000000084 de dona Vanessa Vila Iglesias.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para proceder ao derrubamento dun alpendre de 69,06 m², situado en Casanova nº 3-San Miguel de Sarandón (Expediente núm.: 2016/U023/000001), en solo cualificado como solo de núcleo rural (N1), segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001500600NH43C.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Axustarase ao proxecto presentado. O prazo para a execución será dun mes debendo comunicarlle ao concello a data do derrubamento cun mínimo de 15 días de antelación para tomar as medidas oportunas. Deberase colocar un cercado na fronte da parcela cunha altura mínima de 2 m de materiais que ofrezan seguridade, debendo deixar un paso para os peóns na calzada de polo menos 60 cm.

En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.8.- Instancia núm. 103/2016 de don Manuel Baamonde Blanco.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que a Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de maio de dous mil quince, tomou coñecemento de comunicación previa presentada para a rehabilitación da súa vivenda situada en Ortigueira nº 3 -Santa Cruz de Ribadulla, e dado que non vai levar a cabo as citadas obras solicita deixar sen efecto a citada comunicación e anular a liquidación impositiva correspondente.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

3º.- Acordo, se procede, sobre corrección de acordo de solicitude do POS 2016.

No pleno extraordinario celebrado o pasado catorce de decembro aprobouse o Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2016), no que se acordou solicitarlle á Deputación a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras :

DENOMINACIÓN DA OBRA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
Proxecto de urbanización integral na Torre -San Xíán de Sales	98.369,93	27.787,91	126.157,84
SUBTOTAL OBRAS	98.369,93	27.787,91	126.157,84

B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación	
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	98.000



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



C) Resumo:

	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
SUBTOTAL OBRAS	98.369,93	27.787,91	126.157,84
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	98.000	126.488	224.488
TOTAL	196.369,93	154.275,91	350.645,84

A pedimento da Deputación Provincial, a Xunta de Goberno, sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno da Corporación na vindeira sesión que se celebre, acorda modificar o cadro resumo de financiamento, dado que no caso dos gastos correntes non se coñece ao día da data o seu orzamento total, e polo tanto a achega do concello, quedando do seguinte xeito:

	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
SUBTOTAL OBRAS	98.369,93	27.787,91	126.157,84
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	98.000		
TOTAL	196.369,93	27.787,91	126.157,84

4º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do mes de xaneiro:

Nº Decreto	Data	Asunto
1	04/01/2016	Alta padrón municipal de habitantes de dona Teresa Carreira Cabo
2	04/01/2016	Autorización celebración festas en San Xián de Sales
3	07/01/2016	Concesión axuda de emerxencia social
4	08/01/2016	Reiterando suspensión obras en Galegos- Santa Cruz promovidas por don José Crego Gómez
5	08/01/2016	Alta padrón municipal de habitantes de don Jorge Rico Taboada e dona Eva Bello Cebral
6	12/01/2016	Recoñecemento trienios persoal municipal
7	13/01/2016	Licenza posesión de can de raza potencialmente perigosa
8	13/01/2016	Renovación licenza de animal de compañía
9	13/01/2016	Renovación licenza de animal de compañía
10	13/01/2016	Alta padrón municipal de habitantes de dona Margarita Fuentes Riveira e familia
11	14/01/2016	Aprobación achega transporte metropolitano social
12	15/01/2016	Aprobación facturas de Gas Natural Servicios SDG por subministro á gardería municipal do 29/10/2015 ao 22/12/2015
13	18/01/2016	Alta padrón municipal de habitantes de don Sebastián Tecce e pai
14	18/01/2016	Alta padrón municipal de habitantes de don Benito Otero Tato e fillo
15	19/01/2016	Autorización administrativa para posesión de can de raza perigosa
16	20/01/2016	Designando a don Ramón Manuel Lago Lestón como vogal titular da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra en substitución de don Odón C. Cobas García
17	20/01/2016	Alta padrón municipal de habitantes de dona M ^a . Del Carmen Iglesias Barros



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



18	25/01/2016	Cambio de domicilio de dona María Josefa Vales Lobato e familia
19	26/01/2016	Concesión praza na gardería para a menor Alejandra Pernas Núñez
20	27/01/2016	Autorización corte de tráfico de vías municipais para a 3ª Duatlón Concello de Vedra
21	27/01/2016	Aprobación proxecto e solicitude de subvención Fondo de Compensación Ambiental 2016 (ampliación da rede de abastecemento Nande - Matelo)
22	27/01/2016	Aprobación proxecto e solicitude de subvención programa de mellora infraestruturas municipais 2016 (pavillón municipal 2016)
23	27/01/2016	Aprobación alta padrón municipal de habitantes de don Francisco J. Pichel Ortigueira
24	27/01/2016	Arquivo expediente reposición da legalidade por obras en Sales-San Fins promovidas por don José M. Fernández Martínez
25	27/01/2016	Adxudicación mantemento campos de fútbol de herba artificial de Sport Equipalia S.L
26	28/01/2016	Incorporación da obra de Ampliación da rede de abastecemento á Susana, Nande, Cornado , Matelo e A Torre ao inventario municipal de bens
27	29/01/2016	Desestimando recurso de reposición interposto contra resolución do 04/08/2015 de limpeza e acondicionamento de finca en Reboredo - Ponte Ulla

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Outros asuntos.

5.1.- Escrito núm. 109/16 do CPI de Vedra.

Dáse conta do citado escrito no que don José Viaño Rey, en calidade de Director do CPI de Vedra, expón que o alumnado de 4º da ESO realizará unha viaxe cultural a Cataluña entre o 18 e o 22 de abril como actividade de fin de estudos de Secundaria e o de 6º de primaria (23 alumnos/as) a Madrid entre o 11 e 14 de maio, polo que solicita a concesión dunha axuda económica para o financiamento das dúas viaxes culturais.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda de catrocentos euros (#400,00#) para o alumnado de 6º de primaria e 30 euros/participante na viaxe cultural de 4º da ESO.

5.2.- Aprobación padrón SAF 4º trimestre de 2015.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao 4º trimestre de 2015, cuxo resumo é o seguinte:

Dependentes	Nº usuarios/as	Achegas usuarios/as
	28	7.141,37
Libre concorrencia	18	3.828,52

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

5.3.- Devolución aval bancario.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Xunta de Goberno, á vista da solicitude presentada por don Antonio Rodríguez Maroto, Manager de Nissan Iberia, S.A, e unha vez rematado o prazo de garantía establecido no contrato, acorda aprobar a devolución do aval constituído pola citada empresa para responder do contrato de subministración dun *vehículo todoterreo para Protección Civil e protección do medio ambiente no concello de Vedra, (Aval nº 4649-988-57545000030)*

5.4.- Acordo, se procede, sobre concesión de axuda á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

A Xunta de Goberno acorda concederlle á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil unha axuda económica por importe de mil (#1.000,00#) euros para sufragar os gastos derivados da súa actividade, namentres non teñan liquidez na súa conta bancaria por medio doutras subvencións ou axudas.